
CAMPAMENTOS DEPORTIVOS 2017 - DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A [Deputación da Coruña](#) organiza unha nova edición dos [Campamentos Deportivos 2017](#).

Oza Cesuras ten adxudicadas **3 prazas** e correspóndelle a 1ª quenda, do **19 ao 25 de agosto**. A inscrición poderá formalizarse no concello ata o **16 de xuño**.

Información xeral:

- **Actividades e aloxamento:** Centro Residencial Docente da Coruña (Concello de Culleredo).
- **Duración:** do sábado (chegada para cear) ao venres seguinte (saída tralo almorzo).
- **Quendas:** a Oza Cesuras correspóndelle a 2ª quenda, **19 ao 25 de agosto**.
- **Incorporación:** o sábado pola tarde, entre as 18 e as 19 horas, no Centro Residencial Docente da Coruña (rúa Salvador Allende, 13-Concello de Culleredo).
- **Regreso:** o venres seguinte, despois da xornada de clausura.
- **Destinatarios:** rapaces/zas de entre 9 a 14 anos, ámbalas dúas idades comprendidas, cumpridas no presente ano 2017.
- **Cota de inscrición:** 85,00€ (oitenta e cinco euros), que se ingresarán, unha vez se confirme a praza, na conta determinada pola Deputación da Coruña, facendo constar "Campamento Deportivo Deputación da Coruña 2017", ademais do nome do/a participante inscrito e concello ó que pertence.
- **Inclúe:** transporte interno, estadía e manutención en residencia, e todo gasto que ocasionen as actividades programadas.
- **Material:** o material propio das actividades deportivas (raquetas de tenis, balóns e chalecos salvavidas) entregaráselle a cada participante durante a celebración do campamento.
- **Inscricións: no teu concello, antes do 17 de xuño de 2017 (realízase o sorteo, no caso de ser preciso, o día 19 de xuño de 2017). Máis información: 981792000 Ext. 4.**
- **Documentación:**
 - Ficha de inscrición
 - Foto tipo carné
 - Fotocopia tarxeta sanitaria
 - Fotocopia DNI ou libro de familia

No suposto de que o/a participante necesitara ter un tratamento específico ou doenza que deba terse en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. **IMPORTANTE** facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo.